



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O MINISTERIO FISCAL, O COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE MEDIACIÓN INTRAXUDICIAL GRATUÍTA NA CIDADE DE OURENSE DURANTE O ANO 2019.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Consello Xeral do Poder Xudicial, coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co Ministerio Fiscal, co Colexio de Avogados de Ourense e co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Política Social, o Ministerio Fiscal, o Colexio de Avogados de Ourense e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o desenvolvemento dun programa de mediación intraxudicial gratuíta na cidade de Ourense, mediante a constitución dun equipo de mediación composto por un/unha psicólogo/a e un/unha avogado/a (así como os/as respectivos/as suplentes para supostos de incompatibilidade e incapacidade), que serán designados/as polos respectivos colexios mensualmente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Que as partes coinciden na necesidade de difundir a mediación familiar como unha técnica de resolución de conflitos e, máis concretamente, como un proceso no que a parella acepta a intervención neutral e cualificada dunha terceira persoa (o/a mediador/a familiar) que tratará de que adopten por si mesmos un acordo duradeiro e mutuamente aceptable, considerando as necesidades de cada membro da familia e especialmente as dos nenos/as, dentro dun espírito de responsabilidade compartida e de igualdade dos proxenitores.





Neste sentido, considérase que a mediación intraxudicial (aquela que se leva a cabo cando o proceso xudicial xa está iniciado) resultaría ser unha metodoloxía axeitada e válida para resolver unha porcentaxe significativa de procesos xudiciais, sobre todo naqueles casos nos que as dúas partes deberán continuar relacionándose no futuro por ter intereses comúns, o que se adapta á perfección aos casos dos procesos de ruptura familiar con fillos/as menores.

Para continuar coa implantación do programa de mediación intraxudicial en Ourense, e tendo en contra a especificidade das actuacións que conleva, resulta imprescindible a colaboración tanto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia como do Colexio de Avogados de Ourense, pois ambos están a desenvolver axeitadamente o programa e contan coas garantías derivadas da súa estrutura colexial e do control administrativo levado a cabo, circunstancias que xustifican acudir á sinatura dun convenio de colaboración e fan que non sexa posible promover a concorrência pública para a concesión dunha subvención para este fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, na data da sinatura electrónica.

